

Estimado/a veciño/a comuneiro/a:

Pola presente comunícolle a celebración dunha:.

XUNTA XERAL ORDINARIA

para o día **28 DE XUÑO** ás **9 HORAS EN PRIMEIRA CONVOCATORIA E ÁS 11 HORAS EN SEGUNDA CONVOCATORIA** no **Centro Social do Araño**, sito na Capela coa seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación da Acta da reunión anterior.**
- 2. Presentación de contas correspondentes ao exercicio 2025 e no seu caso aprobación.**
- 3. Exposición e aprobación da nova lista de comuneiros/as.**
- 4. Decidir a cesión dunha zona de monte para a instalación de colmeas trala solicitude dunha persoa comuneira.**
- 5. Decidir a rescisión do convenio coa Xunta de Galicia.**
- 6. Decidir se parte do terreo baldío coñecido como Souto Pelado pasa a ser propiedade do Monte Veciñal.**
- 7. Propostas e acordos para a xestión do monte comunal.**
 - a. Autorización á Xunta Reitora para a corta de arborado en caso de pragas, enfermidades ou incendios.**
 - b. Novas zonas a incluír nos proxectos de CO2.**
 - c. Xestión do monte en xeral.**
- 8. Rogos e preguntas.**

Prégase puntualidade na asistencia á reunión da convocatoria das 11 horas xa que, como noutros casos, non se prevé a celebración da reunión das 9 horas por falta de quórum.

Asemade, lémbrese a obrigatoriedade de asistir ás reunións convocadas (artigo 12.a dos Estatutos), ou no seu caso, de delegar, por escrito e expresamente para dita reunión, a súa representación no cónxuxe, persoa da unidade familiar maior de dezaioito anos ou noutro/a comuneiro/a (artigo 31 dos Estatutos). A non asistencia nin delegación a tres reunións consecutivas da Asemblea Xeral, sexan estas ordinarias ou extraordinarias, supón a perda da condición de comuneiro/a, debendo transcorrer como mínimo tres anos antes de que se poida volver a solicitar a súa reincorporación (artigos 7.6 e 8 dos Estatutos). Pode usar o modelo de delegación correspondente que aparece nesta correspondencia.

IMPORTANTE:

Despois da entrada en vigor o 25 de maio de 2018 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estos datos, a **Comunidade de Montes de Araño debe contar coa autorización e consentimento expreso dos/as comuneiros/as para dispoñer e utilizar os seus datos persoais**. Se aínda non firmou a autorización, por favor, fágao o día da asemblea e entréguela á directiva; de non recibiremos dita autorización, a Comunidade de Montes de Araño non poderá tratar cos seus datos persoais e, polo tanto, debemos excluílo/a da base de datos da que dispoñemos.

A Presidenta

En Araño, na data da sinatura electrónica, Lucía Saborido Sóñora